



*Moisés Alvarado*



## Xoias da COLECCIÓN ÁLVAREZ

Esplendor cerámico de Vigo

CASA DAS ARTES

do 18 de febreiro ao 18 de abril de 2010



ORGANIZA	EXPOSICIÓN	AUDIOVISUAL
EXCMO. CONCELLO DE VIGO	COMISARIADO Beatriz Liz de Cea	PRODUCCIÓN Museo da Cidade "Quiñones de León"
MUSEO DA CIDADE "QUIÑONES DE LEÓN"	COORDINACIÓN TÉCNICA Dolores Seoane Domínguez	REALIZACIÓN Beatriz Liz de Cea
XUNTA REITORA	DESEÑO E MONTAXE Ática Servizos Culturais Mario Ubiaga André	GRAVACIÓN Radivideo
PRESIDENTE D. Eudoxio Álvarez Álvarez Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio Histórico	GRÁFICA Dengueanguap	MÚSICA Xosé Liz
VICEPRESIDENTE D. Xesús López Carreira Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural	TRANSPORTE Artecom Servicios Integrados de Arte, S. L.	TESTEMUÑAS Moisés Álvarez
VOCALIS D. Antonio Coello Bufill D. Xoán Xosé Hermida Díaz Dna. Mª Elvira Larriba Leira Dna. Laura López Atrio D. Juan Carlos Martínez López D. Francisco Pablos Holgado D. Juan Luís Piñeiro Ferradás D. Antonio Quesada Porto D. Angel Rivas González D. Domingo Teixeira Rodríguez	SEGURIDAD AXA ART Aon Gil y Carvajal, S.A. Correduría de seguros	José Carlos Barros Maite Pena M.ª del Carmen A. Braga
D. Bernardo Vázquez Gil Cronista Oficial da Cidade de Vigo	PUBLICACIÓN COORDINACIÓN XERAL Museo da Cidade "Quiñones de León"	INTÉRPRETE Pilar Parada Rodríguez
DIRECTOR E SECRETARIO D. José Ballesta de Diego	TEXTOS Beatriz Liz de Cea Xoán Carmona Badía	IMAXES E DOCUMENTACIÓN Arquivo Hemerográfico ABC Arquivo José Manuel Álvarez Arquivo Moisés Álvarez Arquivo Municipal de Vigo Arquivo Pacheco Centro Galego de Imaxe Filmoteca española María Sánchez Santeras
	REVISIÓN LINGÜÍSTICA Katy Panadero	AGRADECIMENTOS Arquivo Municipal de Vigo Arquivo Pacheco Centro Galego de Imaxe Andrea Serodio Carlos Cameselle Elena Paz Fernando Vilaboa Ignacio Oliveira José Ballesta José Manuel Álvarez Lulavai Magar Moisés Álvarez González Ramón Vázquez
	DESEÑO Palacios Publicidad	E en xeral a todos os traballadores e traballadoras de Álvarez que promoveron a iniciativa da recuperación da colección.
	FOTOGRAFÍA Carlos R. Prieto	
	IMPRESIÓN C/A Gráfica	
	ISBN 978-84-92425-17-4	
	D.L. VG 127-2010	



A confluencia de creatividade e puxanza económica é un dos principais sinais de identidade da nosa cidade, dinâmica e loitadora. E precisamente a exposición “Xoias da colección Álvarez. Esplendor cerámico de Vigo” amosa este trazo da nosa historia a través do percorrido por un grupo empresarial que desenvolveu a súa actividade ao longo da maior parte do século XX. Trátase do Grupo de Empresas Álvarez, fundado orixinalmente no ano 1927 no barrio de Casablanca e operativo dende 1941 en Cabral.

Tras un exhaustivo traballo de inventariado das pezas depositadas no museo da cidade “Quiñones de León”, a mostra supón un paso máis no esforzo pola recuperación do noso patrimonio cultural. Integrada por exemplares dunha gran beleza e un alto valor simbólico, a colección representa unha parcela da nosa historia, caracterizada polo desenvolvemento industrial, de xeito que tamén permite facer un percorrido polo pasado máis recente de Vigo.

Dende a Tenencia de Alcaldía quero expresar os meus parabéns a todas as persoas que teñen feito posible esta iniciativa, en tanto que contribúe decisivamente na posta en valor da nosa historia. Quero tamén aproveitar para animar a todos os vigueses e viguesas a que se acheguen á Casa das Artes para visitar “Xoias da colección Álvarez. Esplendor cerámico de Vigo” e comprobar a nosa riqueza patrimonial.

5

*Santiago Domínguez Olveira  
Tenente de Alcalde do Concello de Vigo*



#### OS ÁLVAREZ, UNHA FAMILIA PRECURSORA E EMPRENDEDORA

No inicio do século pasado algúns dos nosos emigrantes nas américa decideron volver e investir en proxectos novos os recursos que puideran obter na súa aventura ultramarina. Un destes homes chegou a crear na nosa cidade unha grande empresa que levaba o apelido da familia e que foi exemplo e guía dunha maneira de entender a actividade económica e industrial. Estes precursores entendían que era necesario facer un bo traballo, presentar un produto de calidade e facelo a un prezo asequible, pero tamén era necesario coñecer, valorar e aprofundar no que se estaba a facer noutros lugares do mundo, co obxecto de aprender e entender esas novas formas ou usos que poderían complementar a propia actividade industrial.

Nace así unha colección cun profundo e innegable valor estético, que se aproxima ás grandes coleccións europeas sobre a mesma temática, especialmente ás francesas e alemanas, e que non teñen recibido o recoñecemento que se merecen por mor dos avatares históricos que conduciron á desaparición do grupo de empresas Álvarez.

Estamos, xa que logo, ante unha colección que ten un elevadísimo valor artístico e cultural, verdadeiro patrimonio histórico da cidade que hoxe lle presentamos a toda a cidadanía de Vigo, pero á súa vez relata e comunica unha maneira de entender a industria que deberíamos recuperar para os tempos futuros; e no que a familia Álvarez é verdadeira precursora.

7

*Eudosio Álvarez Álvarez  
Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio Histórico*

## CARA AO MUSEO DA CIDADE. A COLECCIÓN ÁLVAREZ, PUNTO DE INFLEXIÓN NA RECUPERACIÓN DO NOSO PATRIMONIO

O desexo dos vigueses e viguesas de dispor dun espazo propio no que ler e contar a súa propia historia; dun lugar, en definitiva, no que recoñecerse e, polo tanto, sentirse parte dunha mesma comunidade civil; de intereses comúns e emocións compartidas; acadou un dos seus momentos álxidos no século pasado; cando, cara aos anos 20, un grupo de entusiastas cidadáns, encabezados polo emblemático cronista oficial Avelino Rodríguez Elías; levou a cabo un labor acelerado de rescate do patrimonio urbano vigués que fá quedando, disperso e descontextualizado, no *revolutum* urbanístico que por entón só se albiscaba; e ao seu paso arrasaba prazas, fontes, pazos, monumentos,... pulindo, ata o nivel do chan, todo sinal visible de pasado, se cadra por sentilo, dalgún xeito, vergonxento. Esas poucas cousas rescatadas, e temporalmente amoreadas nun depósito municipal, debían formar parte, imaginaron, dun futuro Museo da Cidade; algo que, estaban seguros, agradecerían as xeracións vindeiras.

Poucos saben que á iniciativa dese colectivo desinteresado lle podemos deber, en última instancia, a supervivencia do Neptuno que hoxe engalana un dos máis fermosos estanques de Castrelos; e ainda máis descoñecen que o que actualmente é mero elemento decorativo foi en tempos parte cimeira dunha fonte da que beberon vigueses e viguesas durante máis de 200 anos; exactamente dende mediados do século XVII, reinando Filipe IV; ata 1890, cando, reinando Afonso XIII, a fonte foi derrubada por mor da remodelación do contorno da Porta do Sol, onde se achaba.

Preto do Neptuno, no mesmo xardín histórico, tamén atopamos un fermosísimo paseo denominado “dos escudos” por acompañar o paso dunha evocadora sucesión de labras heráldicas. Para o visitante foráneo poida que non teñan outro valor ca o decorativo; para nós, os vigueses, ese paseo é algo máis. Cada unha das pedras é a única que sobrevive do que fora gran casa, pazo ou convento do Vigo anterior ao século XX.

Creemos que o entusiasmo daqueles homes - que, co tempo, motivou en 1937 a creación do museo municipal de Vigo “Quiñones de León” - debe ser hoxe novamente retomado, agora si, con plena continuidade; e a recuperación da colección Álvarez debería servirnos neste sentido como punto de inflexión cara ao nacemento dunha nova actitude e mentalidade respecto do noso patrimonio. A colección, como o Neptuno, é igualmente unha auténtica supervivente. Cando do que fora corazón do imperio Álvarez só quedaba en pé o seu grande esqueleto en Cabral, e as instalacións eran xa obxecto dun saqueo xeneralizado, o Concello de Vigo impulsou a feliz iniciativa dos antigos traballadores da fábrica de rescatar algo que aos intrusos milagrosamente lles pasara desapercibido. Protexido por unha sinxela porta de madeira e un cadeado atopábase intacto o *sancta sanctorum* da empresa, o chamado comunmente *museo da fábrica*: centos de obxectos cerámicos de gran beleza que, máis alá do seu interese artístico, tiñan inmenso valor histórico ao tratarse do único recordo material do que foi, sen dúbida, un dos capítulos empresariais más gloriosos na historia recente de Vigo.

Faremos xustiza a aqueles homes que hai máis de cen anos soñaron un museo da cidade, e a tantos outros que desinteresadamente os seguiron, só se este exercicio de recuperación do noso patrimonio que supón o rescate da colección Álvarez se prolonga no tempo con outras iniciativas de igual calado. O museo “Quiñones de León”, no pazo de Castrelos, está xa preparado pola súa vinculación íntima cos vigueses e viguesas para se converter nesa necesaria cápsula de tempo na que preservar a nosa memoria e a nosa identidade. É, sen ningunha dúbida, o seu máis lexítimo depositario.

José Ballesta de Diego  
Director do Museo da Cidade “Quiñones de León”

## A COLECCIÓN ÁLVAREZ. UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN.

*"Un entra no futuro retrocedendo"*

*Paul Valéry*

O impulso económico que supuxo o desenvolvemento das industrias asociadas ao mar en Vigo, durante o primeiro terzo de século XX, veu cambiar o panorama socioeconómico e urbano da cidade, converténdoa nun dos eixes industriais de Galicia. Neste contexto nace, fóra da tradición marítima, o primeiro xerme do que chegará a ser unha das empresas vitrocerámicas más importantes do país: o grupo de empresas Álvarez.

D. Manuel Álvarez Rey, ourensán de nacemento e fundador da empresa, emigrara moi novo á rexión cubana de Santa Clara, onde chegou a reunir unha pequena fortuna, grazas á explotación dun serradoiro de táboa da súa propiedade. Aconsellado por un banqueiro amigo, D. Manuel inviste os aforros conseguidos en marcos alemáns, que comezan a devaluarse moi rapidamente trala I Guerra Mundial. Por medo á ruína, o empresario decide viaxar a Alemaña coa esperanza de poder empregar a moeda adquirida. A súa elección de compra foi un gran lote de porcelana, louza e cristal, e así comezou todo.

De regreso en Vigo, tras unha primeira sociedade con Manuel Rey en 1922, D. Manuel establece pola súa conta e funda: MAHSA (Manuel Álvarez e hijos S.A), cun capital inicial de 700.000 pesetas. Tratábase dun obradoiro de decoración de porcelana polo miúdo situado no barrio de Casablanca, que catro anos máis tarde será recoñecido coma un dos centros industriais da cidade, contando xa con sucursais de venda tanto en Vigo (rúas do Príncipe e Urzaiz), coma en Ourense e A Coruña.

O estoupido da guerra civil, cos problemas de abastecemento que esta supuxo, máis que levar a D. Manuel á creba, impulsouno á transformación. En novembro de 1936, MAHSA amplía a súa actividade ao vidro soprado coa nova fábrica Casablanca. Por outra banda, a dificultade de obter porcelana para decorar fixo que Moisés, fillo de D. Manuel, apostara polo autoabastecemento, é dicir, a instalación de fornos propios para a fabricación de porcelana. Esta decisión significou, sen dúbida, un paso transcendental na historia de Álvarez.

Será Moisés Álvarez O'Farril o máximo impulsor da empresa familiar. Á morte de D. Manuel, en 1938, recollerá o seu testemuño levando a iniciativa paterna a converterse nunha das industrias de maior importancia do sector vitrocerámico.

En vista das necesidades de ampliación das instalacións primixenias, tómase a segunda gran decisión, esta vez con grandes repercusións non só para a marca senón tamén, para toda a cidade. En 1941 son acendidos por primeira vez os fornos da fábrica de porcelana Santa Clara, en Cabral. O nome fai honor á rexión cubana na que nacera D. Moisés; e por suposto, á viúva do fundador Dna. Clara O'Farril. Iníciase, con isto, a creación dun complexo industrial de grande envergadura, centro neurálgico do futuro grupo de empresas,

e que transformará por completo a estrutura rural de Cabral. A partir de entón, as sereas de Álvarez marcarán os ritmos do barrio. Tras Santa Clara, elevaránse dúas novas fábricas: Casablanca Cristal, trasladada do seu emprazamento inicial; e Royal China, dedicada a vitrocerámica.

O grupo acadará o seu máximo esplendor a partir da década dos cincuenta, acometéndose unha nova ampliación do complexo industrial na década seguinte coas fábricas Cromolito (calcomanías cerámicas) e Vanosa (Vidros Automatizados do Noroeste). Fóra de Cabral expándezase con Moahsa (cerámica para hostalaría) en Coruxo; Pontesa (louza) en Arcade; e Ibero-Tanagra (louza) en Santander. Deste xeito, en 1972, o grupo chega a contar con nove fábricas a pleno rendemento ao sumarse ás anteriores, Manesa (refractarios) e Alvazul (azulexo).

Neste momento, a firma Álvarez é xa referente tanto nas importantes feiras nacionais de Valencia e Madrid, como nas internacionais de Hannover ou Frankfurt. 36 sucursais de venda distribúen os produtos Álvarez por toda a xeografía española.

Esta idade de ouro do grupo de empresas Álvarez corresponde coa xerencia de D. Moisés, é dicir, dende os anos cincuenta ata a súa morte, en 1975. Certo que despois a factoría de Cabral continuaría traballando ata o 2001, pero esta etapa final é ben distinta da anterior: trala desaparición de D. Moisés, o INI faiase cargo das empresas, que arrastraban nese momento unha grave crise de liquidez. Intentos públicos e posteriormente privados de pouco serviron para reflotar a empresa, que se precipitou ao declive e ao peche progresivo das fábricas e dos establecementos de venda. Efectivamente, nesta etapa, seguimos a falar de "Álvarez" en canto a marca de calidade, - de feito, a marca Santa Clara aínda se comercializa; pero dende entón o significado dese apelido para os vigueses esvaeceuse case definitivamente.

12

### "A COLECCIÓN ÁLVAREZ"

A colección Álvarez corresponde maioritariamente ao período de xerencia de D. Moisés, e está formada por máis de seiscentos obxectos representativos das diferentes seccións e fábricas do grupo.

Nesta primeira aproximación á colección poderíamos facer diferentes conxuntos. En primeiro lugar os denominados elementos de producción, é dicir, os implicados nos procesos de fabricación: pastas, galletas, churros, e moldes de colaxe, terraxa e vidro. Estes obxectos permiten coñecer os modos de facer da fábrica Santa Clara e Vanosa. Entre eles destacan especialmente as chamadas nais ou modelos, realizados en xeso, que son o primeiro elemento no proceso da fabricación dun obxecto cerámico por moldeo. Os modelos teñen todos un gran valor patrimonial pero algúns merecen ser especialmente destacados polo seu valor plástico. Contribúen a erradicar a falsa idea de que a producción Álvarez, polo feito de estar dirixida en moitos casos ao uso cotián, (vaixelas, pratos, etc ... que tanto popularizou a marca), non merece especial consideración dende un punto de vista artístico. Falar de Álvarez, por exemplo, e Mariano Benlliure, establece unha asociación que será para moitos inesperada; pero existiu. Julio Álvarez, irmán de Moisés, fixera tan estreita relación co escultor catalán nos anos cincuenta que este entregou á fábrica Santa Clara dúas das súas figuras para que fosen fabricadas en porcelana biscuit. O modelo dunha delas, unha maternidade, atopámolo na colección.

Un segundo conxunto, que forma o grosor da colección, son os obxectos decorativos: floreiros, fontes, xerros e xerras. Pertencen, na súa gran maioría, á denominada sección artística, cuxa finalidade non era a realización de pezas para a comercialización senón que estaban destinadas a demostrar o potencial creativo do grupo, e en moitos casos como agasallo ás más altas personalidades e



Gravado da factoría Álvarez de Cabral

*"A vosotros os toca juzgarnos.  
Por nuestras obras nos conoceréis.  
Ante vuestra experta mirada de  
artistas, las exponemos".*

*Moisés Álvarez O'Farril.  
Febreiro de 1964, discurso de apertura da  
sucursal nº 35*

institucións, o cal, por outra banda, significaba unha importante publicidade para a marca. Esta sección de decorado a man estaba capitaneada polo mestre, de formación portuguesa, José Fuentes Fuentes, home de excepcional pericia técnica e versatilidade.

Neste departamento diferenciábanse dúas clases de decoradores: os copistas, encargados de reproducir grandes obras da pintura europea e particularmente española; e os creadores, que reinterpretaban ao seu gusto estampas orientais e europeas.

Cómpre destacar, nas decoracións realizadas nesta sección, o gravado en ouro, que se aplicaba a aqueles obxectos aos que se lles quería dar maior relevancia. Sobresaí nesa técnica a fonte decorada co motivo da obra "A cena de Emaus" de Caravaggio.

Respecto á tipoloxía dos obxectos atopamos referentes na porcelana de Sevrés e Saxonia. En estilo rococó, de destacada mención, é a xerra realizada para Roger Balet, filántropo catalán, afincado na Arxentina, propietario do afamado bazar "Dos mundos". Está asinado na súa base por José Fuentes e ten dedicatoria persoal de D. Moisés Álvarez.

Un terceiro conxunto, non de menor importancia, fórmalo os obxectos decorados mediante calcos. Povisa era a fábrica encargada da creación dos motivos decorativos. Contaba con hábiles debuxantes, que realizaban os deseños a partir dos que se facían as series de cromos de diferentes estilos: florais, zoomorfos e xeométricos. A este conxunto pertenecen as vaixelas e servizos, tanto en porcelana coma en louza, producidas nas fábricas de Santa Clara e de Pontesa. A gran maioría corresponden á última etapa do grupo, entre a entrada do INI e o seu final, con deseños, por exemplo, de Pierre Cardin ou Antonio de Felipe.

Finalmente a colección complétase cun cuarto conxunto formado por pezas de vidro, (botellas, licoreiras, garrafas...) fundamentalmente fabricadas en Vanosa.

Desta gran colección seleccionáronse para esta mostra as pezas que se consideran máis representativas dende un punto de vista artístico e histórico, tendo en conta que estivesen presentes nella obxectos significativos de cada un dos diferentes conxuntos que componen a colección. Co fin de contextualizar as pezas presentadas fixose un intenso traballo de documentación e investigación limitado únicamente polo tempo. O informe presentado por Miguel Vázquez, profesor de cerámica da Universidad Popular de Vigo xunto coas entrevistas realizadas a D. Moisés Álvarez, neto do fundador; Jose Carlos Barros, delegado comercial da zona norte do grupo; María del Carmen A. Braga, debuxante de Povisa; Maite Pena, investigadora da segregación sexual do traballo no complexo de Cabral; e os irmáns Cameselle Vidal, traballadores de Santa Clara e de Povisa, permitiron substanciar na medida do posible este primeiro achenamento á historia da colección, completándose coa localización de diversos documentos gráficos, fotográficos e cinematográficos procedentes dos arquivos municipal de Vigo, familia Álvarez, Jose Manuel Álvarez; hemerotecas do xornal ABC, La Vanguardia, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, Revista de Industrias Cerámicas; arquivos Pacheco e Magar; e RTVG, CGAI e Filmoteca Española.

Concluír abundando na importancia da colección Álvarez, polo que representa como conxunto patrimonial de primeira orde para Galicia e particularmente para a cidade de Vigo, tanto polo seu valor artístico como pola súa importancia histórica. Merece pois que a este traballo preliminar de aproximación lle sigan outros, que afonden na súa investigación.

## EMPORIO ALVAREZ

**A**lvarez foi unha das empresas máis importantes, representativas e carismáticas da historia viguesa. Antes que nada, polo seu tamaño. Nas tres fábricas situadas no barrio de Cabral, a de Porcelanas Santa Clara, a de cristal Casablanca e a Royal China de louza, traballaban 3.032 operarios no ano 1952, unha cifra que convertía ao complexo vitrocerámico na principal concentración obreira da cidade, moi por diante de calquera das conserveiras ou estaleiros locais. Esta “colmea infatigable”, segundo a expresión dun medio informativo local, que como as más das industrias viguesas daquela altura, era na súa meirande parte feminina, mantívose á cabeza da industria local durante mais de dúas décadas, ata que nos anos setenta o despegar laboral de Citröen comezou a mudar o centro de gravidade do noso sector fabril. Se contamos non só os centros de producción de Alvarez en Cabral senón o conxunto do que serían as instalacións propiedade da empresa, chegou esta a dispor no seu mellor intre nada menos que de nove fábricas e máis de catro mil traballadores directos. Os seus 36 puntos de venta propios, baixo a denominación de Establecimientos Alvarez, espallados en máis de 25 cidades españolas durante os anos sesenta, eran ademais un ícono da variedade que agoiraba a sociedade de consumo que estaba a arribar a nós por aqueles anos. A firma que daquela patroneaba aquel empresario teatral e paternalista que era Moisés Alvarez O’Farrill constituía o primeiro grupo español do sector do vidro e a cerámica.

Pero o valor de Alvarez non foi só o de ser grande. Foi tamén, por exemplo, o de ser punta de lanza na diversificación da base industrial viguesa. Cando no ano 1922 un Manuel Alvarez, ourensán con cubanas raiceiras, se asociou en Vigo a un Manuel Rey, que andando o tempo se convertería nun importante empresario do eido do caucho e da conserva, a estrutura industrial da cidade padecía unha extrema dependencia do sector marítimo. Unha mala costeira na pesca derivaba nun auténtico desastre local, que tal como moi logo se vería durante os anos 1924 a 1927, remataba por bater en conservas, serradoiros, estaleiros, obradoiros de envases e mecánicos e, en fin, todo o tecido produtivo local. A montaxe por parte da familia Alvarez, tras da ruptura con Rey, da fábrica de vidro de Casablanca e, xa ao remate da contenda civil, das primeiras instalacións de cerámica en Cabral, representaron, a carón da Panificadora, o primeiro gran proxecto industrial vigués do século XX desvinculado da actividade pesqueira.

15

Álvarez contribuíu tamén –e de qué xeito!– a mudar a fasquía da cidade. Primeiro, coa súa instalación no ano 1931 no daquela periférico barrio de Casablanca. A instalación da empresa foi un dos estímulos que agulloaron a urbanización dunha área hoxe tan céntrica como é a das rúas Ecuador e Venezuela, que daquela non tiñan nen nome, pois eran coñecidas coma Transversal A e B. Logo, nun Cabral rural no que a partir de 1939 comeza a erixir as fábricas de louza, vidro e porcelana que formarían a cerna do imperio Alvarez. Non era que o barrio carecese de tradición industrial, pois a carón dos seus cursos de auga xa se ergueran dous establecementos pioneiros na historia industrial del Vigo: a fábrica de coiros de Zenón Curbela xa contra 1804 e unha das primeiras fábricas españolas de papel continuo a mediados do XIX movida polas augas do río do Barreiro, na que áinda á altura na que se instala Alvarez no barrio operaba unha planta de desestañado de folla de lata para a industria conserveira. Pero foi a construcción das fábricas de Alvarez, con todo o seu contorno de paternalismo industrial que incluíu o economato da empresa, a moi logo popular barriada de Santa Clara , co Centro Médico, as Escolas , e mesmo a Igrexa, a que converteu de vez aquel vello núcleo do antigo concello de Lavadores nun barrio do novo Vigo industrial, un barrio que medraba precisamente baixo o asubío da sirena que marcaba os horarios de traballo.

Entre o final da Guerra Civil e a década do desenvolvemento Álvarez foi tamén unha das puntas de lanza da innovación tecnolóxica e do espallamento da nova organización científica do traballo en Galicia. Co seu feixe de enxeñeiros e químicos, algúns traídos do estranxeiro, Álvarez mantivo, dentro dun ambiente pechado como era o da España autárquica, unha fluída relación cos principais centros europeos da cerámica e foi pioneira na introdución en España de numerosas innovacións, tanto de proceso (fornos túnel) como de produto (Dural). O director técnico das plantas de Cabral foi nos anos cincuenta un dos dous primeiros instrutores formados pola Comisión Nacional de la Productividad, a institución encargada de espallar en España o modelo norteamericano de producción en serie, ao tempo que un dos fillos de Moisés participaba activamente no Centro Gallego de la Productividad, a institución fundada na cidade para o desenvolvemento daqueles obxectivos. Non é así de extrañar que Álvarez fose unha das tres primeiras empresas galegas en estudar a aplicación do discutido sistema Bedaux.


Álvarez foi, finalmente, e a iso contribuíu a propia idiosincrasia do seu gran patrón, unha das empresas máis representativas dunha xeira da nosa historia, a que comezou coa Guerra Civil e rematou coa morte do ditador. Durante a guerra deu Álvarez, cun gran contrato de pezas de vidro para o exército, o seu primeiro gran salto adiante. Durante os anos cincuenta e sesenta tirou proveito de todo canto apoio se podía recadar do Crédito Oficial, dos Polos de Desarrollo, e da propia intervención directa dun ditador que, quizais porque en forma de foto presidía, a carón do propio Moisés, moitos departamentos do complexo fabril, salvaría a este de varios esvaróns. Cada recuperación foi seguida non dunha cura de prudencia senón dun novo salto adiante, . . . e dun novo esvarón. A relativa apertura dos sesenta e os cambios políticos e económicos dos setenta mudaron as regras do xogo e a estrela de Cabral comenzou a esmorecer ata o triste remate que todos coñecemos.

16

Pero sobre todo Álvarez foi o lugar onde milleiros de traballadores e, sobre todo, traballadoras, suaron fabricando case dous mil produtos diferentes, recoñécérонse como iguais, atoparon aos que serían os seus compañeiros tamén fóra da fábrica, defenderon dun xeito ou doutro a súa dignidade como traballadores, e finalmente viron como todo se derrubaba por unha nunca comprendida combinación entre unha herdanza de xigantismo a crédito e unhas arelas de reprivatización a calquera prezo. De aí o esperpento daquel espazo de Cabral que hoxe ocupan ferros e cascallos onde antes houbo traballadoras, tornos e fornos. Un esperpento que parece cebar a ese monstro borrador da nosa memoria colectiva que armado de pas e formigoneiras galopa sobre os baleiros da normativa de protección do noso patrimonio cultural e sobre o desconocemento e cativa valoración que nós todos temos sobre o noso pasado industrial e operario. A vista desta exposición debe axudarnos a nós todos a mudar de perspectiva. Pero non debería chegar con iso. Outros espazos con idéntica historia –Alfageme, Panificadora, cargadeiro de Rande– non merecen seguir o mesmo camiño.

Pezas seleccionadas

---



Modelo de maternidade

Cca. 1945  
Xeso. Moldeado.  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. M. Benlliure  
19 x 45 cm

Nº Inventario: 9067



Xerro para Roger Balet. Tipo Copa "Perón"


1958

Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.

Fábrica de Santa Clara. Asdo. J. Fuentes

30 x 68 cm

Nº Inventario: 9051



Floreiro. Tipo "Hispania"

Cca. 1955  
Porcelana. Moldado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara  
35 x 37 cm


Nº Inventario: 9002



Xerro. Tipo Copa "Generalísimo"

Cca. 1955  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara  
12 x 31 cm

Nº Inventario: 9036



Xerro da "Bela". Tipo Copo "Elena"

Cca. 1960  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. A. Cameselle  
26 x 32'5 cm

Nº Inventario: 8941




Floreiro

Cca. 1960  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara  
26 x 33 cm

Nº Inventario: 8942


24



Xerro

Cca. 1955  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara  
26 x 60 cm

Nº inventario: 9060



Xerro "La toilette de Venus". Copa

Cca. 1981

Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.

Fábrica de Santa Clara. Asdo. A. Carnevale

30 x 60 cm

Nº Inventario: 9047



27

Fonte. Bandexa da "Cea de Emaís"

Cca. 1965  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. E. Romero  
65 x 29 cm

Nº Inventario: 8938



Fonte. Bandexa da "Florista"

Cca. 1970  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Charito  
65 x 29 cm

Nº Inventário: 9020





Xerro do "Rapo das Sabinas"

Cca. 1975  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. J. Alonso  
28 x 68 cm

Nº Inventario: 9068


30



Xerro da "Virxe co neno". Búcaro

Cca. 1975  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara  
18 x 46 cm

Nº Inventario: 8920



Xerro. Búcaro

Cca. 1970  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara  
18 x 46 cm

Nº Inventario: 8910


32



Fonte. Bandexa

Cca. 1970  
Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara  
65 x 29 cm

Nº inventario: 9039



Xerro


Cca. 1970  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. F. Romero  
28 x 57 cm

Nº Inventario: 9028



33

34



Xerro

Cca. 1970

Porcelana. Moldeado. Calcografía. Rematado a man. Esmaltado.

Fábrica de Santa Clara

19 x 46 cm

Nº Inventario: 8892



Prato decorativo

Cca. 1970



Porcelana. Moldeado. Calcografia. Rematado a man. Esmaltado.

Fábrica de Santa Clara

26 cm

Nº Inventory: 8888

36



Conxunto de vaixela "Infanta Elena"

1995  
Porcelana. Moldado. Caligrafía. Esmaltado.  
Fábrica de Santa Clara

Nº Inventario: 8985

Catálogo Completo



## MODELOS

38



Modelo de xerro grande  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 42 cm  
Nº Inventario: 8807



Modelo de xerro "universal"  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
15 x 40 cm  
Nº Inventario: 8808




Modelo de floreiro  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
10 x 30 cm  
Nº Inventario: 8809



Modelo de figura de pato  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
23 x 10 cm  
Nº Inventario: 8813



Modelo de cabeza de cabalo  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
10 x 24 cm  
Nº Inventario: 8814



Modelo para fruteiro galego  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 25 cm  
Nº Inventario: 8815



Modelo para figura de muller con cise  
Xeso. Modelado. Cca. 1945  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Lantada  
10 x 25 cm  
Nº Inventario: 8817



Modelo para figura de mariñeiro e serea  
Xeso. Modelado. Cca. 1945  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Morera  
20 x 35 cm  
Nº Inventario: 8818



Modelo de sopeira  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
26 x 15 cm  
Nº Inventario: 8819



Modelo para figura de tren  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
9 x 16 cm  
Nº Inventario: 8820



Modelo para xoieiro  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
10 x 7 cm  
Nº Inventario: 8821



Modelo para peña de xerro  
Xeso. Modelado. Cca. 1947  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 27 cm  
Nº Inventario: 8822



Modelo para reloxo  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
29 x 23 cm  
Nº Inventario: 8824



Modelo para peña de xerro  
Xeso. Modelado. Cca. 1947  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 20 cm  
Nº Inventario: 8825



Modelo para fruteiro – maceteiro  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
25 x 29 cm  
Nº Inventario: 8826



Modelo para bomboneira  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 15 cm  
Nº Inventario: 8827



Modelo de sopeira grande  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
29 x 25 cm  
Nº Inventario: 8829



Modelo de xerro  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Morera  
20 x 45 cm  
Nº Inventario: 8830



Modelo de xerro  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
21 x 45 cm  
Nº Inventario: 8831



Modelo para figura da Virxe co neno  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Morera  
15 x 20 cm  
Nº Inventario: 8832



Modelo de sopeira  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 15 cm  
Nº Inventario: 8833



Modelo de sopeira  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 27 cm  
Nº Inventario: 8834



Modelo de corpo para xerro  
Xeso. Modelado. Cca. 1947  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 41 cm  
Nº Inventario: 8835



Modelo de peña para xerro  
Xeso. Modelado. Cca. 1947  
Fábrica de Santa Clara  
30 x 10 cm  
Nº Inventario: 8836



Modelo de máscara  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
3 x 5 cm  
Nº Inventario: 8837



Modelo para figura de muller  
Arxila. Modelado. S.XX.  
Fábrica de Santa Clara  
18 x 40 cm  
Nº Inventario: 8843



Modelo de columna  
Xeso. Modelado. S.XX.  
Fábrica de Santa Clara  
10 x 47,5 cm  
Nº Inventario: 8844

## PEZAS DECORATIVAS



Modelo de sopeira  
Xeso. Modelado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
32 x 25 cm  
Nº Inventario: 8845



Modelo de figura  
Terracota. Moldeado  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Atra Queya  
20 x 45 cm  
Nº Inventario: 8987



Modelo de figura  
Terracota. Moldeado  
Fábrica de Santa Clara  
20 x 45 cm  
Nº Inventario: 8988



Modelo de figura  
Terracota. Moldeado  
Fábrica de Santa Clara  
20 x 47 cm  
Nº Inventario: 8989



Modelo de maternidade  
Xeso. Moldeado. Cca. 1945  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. M. Benlliure  
19 x 45 cm  
Nº Inventario: 9067



Modelo de sopeira "Granada"  
Xeso. Moldeado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
29 x 24 cm  
Nº Inventario: 9082



Prato decorativo  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
26 cm  
Nº Inventario: 8888



Xerro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8889



Xerro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8890



Xerro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1980  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8891



Xerro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8892



Xerro. Búcaro  
Porcelana. Moldeado. Calcografía. Esmaltado. Cca. 1980  
Fábrica de Santa Clara  
18 x 44 cm  
Nº Inventario: 8893



**Xerro, Búcaro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca.1980  
Fábrica de Santa Clara  
18 x 44 cm  
Nº Inventario: 8894



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca.1970  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8897



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca.1970  
Fábrica de Santa Clara  
20 x 46 cm  
Nº Inventario: 8897/1



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado. Cca.1975  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Cameelle  
20 x 46 cm  
Nº Inventario: 8898



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca.1970  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8899



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970.  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8900



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado. S.XX  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8901



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8902



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
19 x 46 cm  
Nº Inventario: 8903



**Prato decorativo**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1985  
Fábrica de Santa Clara  
26 cm  
Nº Inventario: 8904



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
28 x 57 cm  
Nº Inventario: 8905



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
28 x 57 cm  
Nº Inventario: 8905/1



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
28 x 57 cm  
Nº Inventario: 8906



**Xerro**  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado. 1982  
Fábrica de Santa Clara. Asdo. Augusto Cameelle  
28 x 57 cm  
Nº Inventario: 8907



Xerro. Búcaro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1975  
Fábrica de Santa Clara  
20 x 46 cm  
Nº Inventario: 8908



Xerro. Búcaro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado. Cca. 1975  
Fábrica de Santa Clara. Asd. Mercedes  
20 x 46 cm  
Nº Inventario: 8909



Xerro. Búcaro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
18 x 46 cm  
Nº Inventario: 8910



Xerro. Búcaro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man. Esmaltado. Cca. 1980  
Fábrica de Santa Clara  
20 x 46 cm  
Nº Inventario: 8911



Xerro Floreiro. Tipo Hong Kong. Indian Tree  
Porcelana. Moldeado. Calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Porzelanit  
16 x 40 cm  
Nº Inventario: 8912



Xerro Floreiro. Tipo Hong Kong. Indian Tree  
Porcelana. Moldeado. Calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Porzelanit  
20 x 35 cm  
Nº Inventario: 8913



Xerro. Tibor. Tipo Pekin. G. dragón  
Moldeado. Baixo fogo. Calcografía. Esmaltado. Porcelana. Cca. 1980  
Fábrica de Santa Clara  
20 x 30 cm  
Nº Inventario: 8914



Centro de mesa  
Moldeado. Policromado en ouro. Esmaltado. Porcelana. Cca. 1980  
Fábrica de Mohasa  
35 x 10 cm  
Nº Inventario: 8915



Xerro  
Porcelana. Moldeado. Pintado a man e calcografía. Esmaltado. Cca. 1970  
Fábrica de Santa Clara  
28 x 57 cm  
